

# Asociacións Culturais

## CORAL POLIFONICA DE BETANZOS

### MARZO

Día 7: No Pazo de Mariñán con motivo do «I Congreso de Economistas e Economía de Galicia». Entre as autoridades e personalidades da Economía de España e o extranxero, atopábase John Kenneth Galbraith, conselleiro do Presidente de Estados Unidos.

Día 18: Concerto Sacro na Colexiata de Santa María do Campo da Coruña con motivo do Pregón da Semana Santa pronunciado por dos Luis Iglesias de Souza.

Día 21: Concerto Sacro na igrexa de Santo Domingo de Betanzos con motivo do Pregón da Semana Santa.

### ABRIL

Día 21: Na igrexa concatedral de San Xulián de Ferrol, con motivo dos «Sábados Polifónicos», organizado pola Aula de Cultura de Caixa Galicia.

### MAIO

Día 16: Grabación para un programa especial de RTVGA «A Nosa Radio».

Día 24: No «Seixo» dentro da sociedade «Amigos del Pasaje», con motivo dos actos culturais do «Día das Letras Galegas», conjuntamente coa Agrupación Musical «Carlos Seijo» de Betanzos.

Día 27: En Adragonte (Areas-Paderne), misa cantada en concerto con motivo das festas patronais.

### AGOSTO

Día 1: Recital de corais en Pontedeume, conjuntamente coas corais de Sada e Pontedeume.

Día 13: Concerto de Verán na igrexa de Santiago de Betanzos. Función do Voto en honra de San Roque, Patrón da Cidade.

### SETEMBRO

Día 14: En Culleredo misa cantada e concerto con motivo das festas patronais.

### NOVEMBRO

Día 3: Na Coruña no «Círculo de Artesanos».

Día 15: Na igrexa de San Francisco de Betanzos dentro dun encontro de corais co Orfeón Lucense e a Coral Endesa de As Pontes.

Día 16: En Ordes na «VI Mostra do Folklore Galego» e con motivo de apadrinhar a presentación do Coro «Sementes do Arte» de Ordes.

Día 22: Na igrexa de San Francisco de Betanzos, misa cantada con motivo da festividade de Santa Cecilia, patrona de músicos e cantores.

Día 29: En Cedeira, misa cantada e concerto dentro dos actos culturais en honra de Santa Cecilia, organizados pola Fundación Municipal «Villabride» para o fomento da Cultura e patrocinado pola Diputación da Coruña.



D. Manuel López Castro

### DECEMBRO

Día 6: En Padrón, conjuntamente coa Agrupación Musical «Carlos Seijo» con motivo dos actos en honra de Rosalía, organizados pola «Sociedad Cultural Padronesa» en convenio coa Diputación da Coruña.

Día 13: En Carballo, misa cantada e concerto, organizado pola Asociación Cultural Alfredo Brañas, con motivo dos actos en honra de Santa Cecilia.

Día 15: En Betanzos na Aula de Cultura de Caixa Galicia, concerto de Nadal, con motivo dos actos do Nadal do Club de Xubilados.

Día 24: Na igrexa de San Francisco de Betanzos, misa de Noiteboa e concerto de villancicos.

Día 27: Na igrexa das MM. Agustinas, Misa cantada e concerto de villancicos.

Día 28: Na «Residencia de Ancianos» de Betanzos, Misa cantada e concerto de villancicos.

Ademais, estes foron os actos culturais e sociais organizados pola Coral ó longo de 1986:

### XANEIRO

Día 17: Asamblea Xeral na que se aprobou o exercicio económico e elixiuose xunta directiva: Presidente, don José Díaz Germade.

Vicepresidente, dona Carmen María Martín.  
Secretario, don Carlos Alvarez López.  
Tesoreira, dona Marichela Crespo Hermida.  
Vocais, dona Pilar González de Pedro, dona Angeles Seoane López, dona Mercedes Vales Castro e don Francisco Sánchez López.  
Director musical e artístico, don Manuel López Castro.

#### MARZO, XVII Aniversario da Coral

Día 8: Reunión dos compoñentes na que estiveron presentes tódolos que foron presidentes da Coral dende a súa fundación, para conmemorar o «XVII Aniversario da Coral». Entrega da Insignia de Ouro da Coral e don Juan Cortés Pereiro. Homenaxe ó Presidente do Centro Betanzos de Buenos Aires, don Osvaldo Dans Varela, que estivo acompañado pola súa dona. Don Osvaldo agradeceu o homenaxe e ó mesmo tempo ofreciose para facer todo o posible con obxecto de levar a Coral a unha xira pola Arxentina.

Día 15: Concerto para xóvenes. Grupo «Zarabanda» do colexio «Santa María del Mar» da Coruña e Coral Xuvenil «Semente Nova» de Perillo. Na igrexa de Santo Domingo de Betanzos actos culturais con motivo do «XVII Aniversario da Coral».

Día 17: Na Aula de Cultura de Caixa Galicia, conferencia con proxección de diapositivas sobre o tema «Castelao humorista» polo crítico e humorista de Ferrol Siro, con motivo do Ano de Castelao e dentro do XVII Aniversario da Coral.

Día 21: Pregón de Semana Santa, pronunciado por dona Carmen Alvear, presidenta nacional da «Confederación Católica de Padres de Familia y Alumnos» (CONCAPA) e concerto Sacro da Coral.

Día 22 e 23: Festa da Primavera con serenata polas rúas da cidade a cargo da Agrupación Musical «Carlos Seijo» e pasacalles da charanga «Os Loiteiros». Ofrecéronse flores «as donas e ás mozas».

#### MAIO

Día 31: Concerto do Orfeón «Berriotxo» de Elorrio e da Banda de Txistularis «Betsaide», asimismo de Elorrio, Vizcaia. Na igrexa de Santo Domingo. Foi patrocinado pola Aula de Cultura de Caixa Galicia.

#### XULLO

Día 5: Reunión de confraternidade de compoñentes e socios protectores da Coral. Cena-baile amenizada polo conxunto «Los Sueños» de Ferrol na que se sorteou un orixinal e auténtico mantón de Manila.

#### AGOSTO

Día 13: Concerto de verán coa actuación conjunta da Coral de Melide e a Coral Polifónica de Betanzos na igrexa de Santiago. Foi patrocinado pola Comisión de Festas de San Roque.

#### A AGRUPACION DE PULSO E PUA «CARLOS SEIZO»

As súas actuación no 1986 foron:

#### XANEIRO

Día 4: No programa de radio «Radio Catro» de RNE en Galicia.

#### SETEMBRO

Día 14: Xira ós Caneiros coa asistencia de compoñentes e socios protectores e a Agrupación Musical «Albeniz» da Coruña. Grupos de gaitas e lanchas engalanadas.

#### NOVEMBRO, «XVII FESTIVAL SANTA CECILIA»

Convocouse o «XIII Concurso Literario Juvenil».

Día 14: Inauguración na sala de Arte do Banco de Bilbao da exposición de fotografías en color e acuarelas de Francisco Javier Vilas Durán que estivo aberta ata o día 27.

Día 15: Encontro de corais. Concerto na igrexa de San Francisco do Orfeón Lucense, Coral Polifónica «Endesa» de As Pontes e Coral Polifónica de Betanzos.

Día 18: Teatro co Grupo Tespis da Coruña coa obra «Cama para catro» no cine Capitol. Patrocinou a Diputación da Coruña.

Día 20: Concerto de piano por Rafael Sebastiá na igrexa de Santiago patrocinado pola Aula de Cultura de Caixa Galicia.

Día 21: Folklore aragonés polo Grupo Folklórico de Zaragoza «Alma de Aragón». Baile, rondalla e canto. No Cine Capitol, patrocinado pola Aula de Cultura de Caixa Galicia.

Día 22: Festividáde de Santa Cecilia con Misa solemne cantada na igrexa de San Francisco. Foi estrenado o Kyrie da Misa «Adveniat Regnum Tuum» de Pedro de Bilbao a 4 voces mixtas e acompañamento de órgano.

Día 23: Concerto da Agrupación «Albeniz» da Coruña coa soprano solista Rosa Ramo González. Na igrexa de Santo Domingo e patrocinado pola Diputación da Coruña.

Día 25: Recital da Orquesta de Jazz da Coruña, no Cine Capitol e patrocinado pola Diputación da Coruña.

Día 27: Proxección da película «Annie» no Cine Alfonsetti. Entrega de premios do «XIII Concurso Literario Juvenil». Primeiro para Victoria Isabel Ares Vázquez de 11 anos do colexio «Hijas de Jesús» da Coruña polo conto titulado «La Familia». Segundo para Ana Isabel Rey Cao de 11 anos do colexio «Curros Enríquez» da Coruña polo conto «Un raro dia de compras».

#### DECEMBRO, CONCERTOS DE NADAL

Día 15: Na Aula de Cultura de Caixa Galicia de Betanzos para o Club de Xubilados.

Día 24: Na igrexa de San Francisco, concerto e Misa de Noiteboa.

Día 27: Na igrexa das MM. Agustinas.

Día 28: Na «Residencia de Ancianos».

Día 19: Dentro do programa «No campo da festa» de «Radio Uno» de RNE en Galicia.

#### MARZO

Día 22: Serenata polas rúas brigantinas para

festexar a entrada da primavera, dentro do programa do XVII Aniversario da Fundación da Coral Polifónica de Betanzos.

Día 23: Na «Festa do Arbol» celebrada no municipio de Coirós.

## MAIO

Día 10: No colexio dos PP. Salesianos da Coruña, arroupando musicalmente ós participantes do Colexio da EXB «Vales Villamarín» no concurso «Cantareliña» da TV de Galicia.

Día 17: Na vila de Carral dentro dos actos da celebración do «Día das Letras Galegas».

Día 18: Na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Betanzos con motivo da celebración do «Día das Letras Galegas».

Día 24: Actuación conxunta coa Coral Polifónica de Betanzos na Localidade do Seixo (Ferrol).

Día 29: Na «Ciudad de los Muchachos» «Agarimo» de Arteixo.

## XULLO

Día 5: Na «Sociedad Liceo» de Noia, dentro do programa de difusión cultural suscrito coa Diputación Provincial.

## AGOSTO

Día 6: No convento de Bergondo dentro do programa de festas patronais en honra de S. Salvador.

Día 23: No local social da «Sociedad Cultural, Deportiva y Recreativa de Sada» dentro do programa de difusión cultural da Diputación Provincial.

## OUTUBRO

Día 10: No local social do Club de Xubilados da Casa do Mar en Fisterra. Foi organizado pola xunta directiva do «Hogar del Pensionista» e estivo integrado dentro da «II semana cultural para pensionistas y tercera edad».

Día 17: Na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Betanzos con motivo da presentación do boletín «Unitia».



*Don Carlos López García, novo director da Agrupación de Pulso e Púa «Carlos Seijo».*

Día 25: Na «Sociedad Cultural Villalbesa» en Villalba (Lugo).

## DECEMBRO

Día 6: Concierto conxunto coa Coral Polifónica de Betanzos, na capela da Orden Terceira.

Día 24: Concierto no santuario dos Remedios en Betanzos con motivo da celebración da «Misa do Galo». Música Clásica e más villancicos.

Día 28: Concierto na Residencia García Irmáns en honra dos nosos maiores, dentro das actividades do «IV Programa de Festexos do Nadal e Aninovo» organizado polo Concello de Betanzos.

## TALLER DE MUSICA DE ANTONIO CAL

Este taller leva desaparecido hai cerca de un ano. Tiña unhas 50 persoas traballando directa ou indirectamente, tendo que rematar as súas actividades musicais, según don Antonio Cal, ó parecer por falta de axudas institucionais. Contaba con ensino de solfeo, 2 grupos de rock, 1 grupo de break-dance, ensino de instrumentos e unha orquesta de Jazz. Esta ainda sobrevive e esperemos que non somente se manteña senón que o taller volva a dar ilusión a tantos que queren estudiar música (Betanzos e as Mariñas sempre foi terra de músicos)...

A «ANTONIO CAL BIG JAZZ BAND DE BETANZOS» está composta por 19 profesores, sendo unha das mellores orquestas de Jazz de España nestes momentos. Debido ás dificultades dos desplazamentos, somente actúa en 3 ou 4 concertos ó ano, que neste 1986 foron: 2 patrocinados por Caixa Galicia na Coruña; 1 dentro do «IV Festival Internacional de Jazz da Coruña», e tamén, en decembro como xa é tradicional, actuación patrocinada polo Concello de Betanzos nas «Xornadas de Aproximación ó Jazz».



## ASOCIACION DE «AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR»

Estas foron as súas actividades no 1986:

### XANEIRO

Días 9, 16 e 23: Dona Esther Prado imparte cursos de pasta rusa.

Días 13, 20 e 27: Curso de estaño a cargo de dona Angustias da la Maza.

Día 27: Misa por unha socia falecida.

Día 29: a directiva da asociación sirve unha merenda-cea ós 225 anciáns recollidos na Residencia García Hermanos San Miguel desta cidade.

### FEBREIRO

Días 3, 10, 17 e 24: Cursos de estaño.

Días 6, 13, 20 e 27: Cursos de pasta rusa.

Días 5 e 6: Demostración práctica de cociña impartida por dona Esther Prado e dona Carmen Boedo.

Día 18: Desprazamento á Coruña para asistir a unha conferencia sobre a «Fundación Barrié» e a imposición da medalla de ouro á Condesa de Fenosa.

Día 21: Dona Elvira Otero, como presidente local, acompañada pola vocal dona Milagros del Río asistieron no Concello á entrega do busto de Castelao.



### MARZO

Días 3, 10, 17 e 24: Cursos de estaño.

Días 6, 13 e 20: Cursos de pasta rusa.

Día 13: Demostración de cociña a cargo de dona Esther Prado.

Día 14: Viaxe cultural a Santiago, visitando San Martín Pinario, Santo Domingo de Bonaval-Museo do Pobo Galego e outros monumentos.

Día 17: Asamblea Xeral Ordinaria.

### ABRIL

Días 7, 14, 21 e 28: Cursos de estaño.

Días 3, 10, 17 e 24: Siguen os cursos de pasta rusa.

Día 18: Demostración de cociña, sorteando o realizado entre os asistentes.

Día 18: Reunión da xunta directiva para ver a posibilidade de colaborar coa «Semán das letras galegas».

Dona Elvira Otero e dona Sara Fernández acuden ó Concello como membros integrantes do Consello de Cultura.

### MAIO

Días 5, 12, 19 e 26: Cursos de estaño.

Días 8, 15 e 22: Cursos de pasta rusa.

Día 18: Dentro da «Semán das letras galegas», conferencia sobre «A Pardo Bazán e o seu mundo galego» por don Laureano Alvarez Martínez.

Día 22: Demostración de cociña.

Día 23: Viaxe a Portugal.

Día 30: Desprazamento a Carballo para asistir á celebración do Día Provincial da Ama de Casa.

### XUÑO

Días 5, 12, 19 e 26: Cursos de pasta rusa.

Día 4: Reunión da xunta directiva.

Día 10: Asistencia ó homenaxe do Conselleiro e Director Xeral de Sanidade e Consumo.

### OUTUBRO

Día 18: Comida gratis para tódalas socias que desexaron acudir con motivo da celebración do 6º aniversario. Acudiron 117 asociadas. O remate da comida fixouse a donación ó Museo das Mariñas, ó traveso do seu director don Alfredo Erias, de un traxe galego, reproducción de outro do século XVIII da comarca compostelana, para que figure exposto no dito Museo.

### NOVEMBRO

Día 17: Viaxe cultural a Portugal. Tanto o trasporte como a comida foran gratis.

Día 12: Asamblea Xeral Extraordinaria, onde presenta a súa dimisión a xunta directiva. Faise cargo da asociación unha xunta xestora mentres non se celebren as eleccións para elexir unha nova xunta.

### GRUPO DE TEATRO «BERROS»

No ano 1986 non tivo ningunha actuación pública, mais sabemos que os seus membros seguiron ensaiando. Esperamos que volvan pronto á luz.

## AGRUPACION «PASIÑO A PASIÑO»

Según coñecemos ó traveso dos seus membros, esta entidade xurdíu das catequistas e os pais dos nenos do catecismo da Angustia co obxecto de estudiar e mostrar o noso folklore, entre outras razóns. O nome escollido é o que mellor lles pareceu, porque ó partir de cero tiñan que ir moi amodo, «pasiño a pasiño». O estandarte que os simboliza leva o escudo de Betanzos, o lugar do seu orixe (catecismo da Angustia) e un acio de uvas que representa a unión que queren conseguir entre tódolos membros. A súa historia empezou xa no 1984 e é xusto recollela.

1984

### MAIO

Día 12: «Bautizo» da agrupación cunha actuación no Salón Liceo de Betanzos, sendo apadrinada polos grupos coruñeses «Cantigas da Terra» e a Agrupación de Coros e Danzas da Diputación Provincial «Eidos».

### AGOSTO

Día 20: No adro de Santo Domingo con motivo das festas de San Roque.

### SETEMBRO:

Día 16: Nas festas patronais da Angustia.

Día 23: Organizou a «I Romería Galega dos Emigrantes» no adro da igrexa da Angustia.

### OUTUBRO

Día 2: No Instituto Médico Pedagóxico de Betanzos «Sagrado Corazón».

Día 9: Na Residencia de Anciáns de Betanzos.

1985

Empezou o ano coa participación na cabalgata de Reis o 5 de xaneiro polas rúas betanceiras.

Un mes máis tarde actúa no «Muñío Roxo» en honra da «AsociaciónTour Operadores Mayoristas» pertenecentes a 29 empresas latinoamericanas.

Continuan as súas actuacións, participando en festas patronais tamén en festivais benéficos, como o caso do celebrado no salón parroquial de Santo Domingo o 10 de marzo, para colaborar na campaña contra a fame, «Manos Unidas», ou tamén acude a concursos como os organizados no Teatro Colón da Coruña pola Asociación Xuvenil «Xacarandaina» que abarcou as seguintes seccións:

— 4 de maio, a sección dos maiores (categoría D, maiores de 14).

— 5 de maio, a sección dos medianos (categoría B, de 8 a 11 anos).

Tamén neste mes o Concello de Betanzos organizou as «Xornadas Culturais Betanceiras», actuando esta agrupación o 25 de maio no adro de Santo Domingo ás 10 da noite.

### XUÑO

Día 29: No Polideportivo Municipal con motivo de «La Fiesta del Deporte».



### XULLO

Día 14: A agrupación inaugura o grupo de gaitas «Pasiño a Pasiño», amenizando a entrega de premios da volta ciclista que ese día se celebraba en Betanzos.

Día 16, 20 e 21: En Sada con motivo das festas do Carme.

### AGOSTO

Día 4: Actuaron por primeira vez conjuntamente os grupos de baile e de gaitas na romaría de San Paio de Tiobre, organizada pola asociación de veciños daquela parroquia.

Día 24: Nas festas de San Roque en Betanzos, dentro do «Día de Galicia».

Día 31: Organización da «II Romaría Galega dos Emigrantes», amenizando a misa en galego e a merenda-cea no adro da Angustia.

### SETEMBRO

Días 8, 14 e 15: Nas festas patronais dos Remedios (Barrio da Ponte Vella) e nas da Virxe da Angustia (San Pedro das Viñas).

### NOVEMBRO

Día 21: Na inauguración do «Centro de Xuventude» creado en Betanzos e dependente da Xunta de Galicia.

### DECEMBRO

Días 8 e 15: Respectivamente na Residencia de Anciáns e no Instituto Médico Pegóxico «Sagrado Corazón».

1986

### XANEIRO

Día 4: No Polideportivo Municipal con motivo dos festexos do Nadal, organizados polo Concello.



## MARZO

Día 23: En Ois (Coirós) na «Festa da Arbore».

## ABRIL

Día 26: Na Praza Irmáns García Naveira amenizando a «I Festa do Viño de Betanzos».

Día 27: No Teatro Colón da Coruña dentro do concurso que organizou a Asociación Xuvenil «Xacarandaina».

## MAIO

Día 1: Na Espenuca (Coirós) dentro dos actos de bendición e entronización da nova imaxe que representa á Virxe.

Día 17: Organización en Betanzos do «DIA DA MUIÑEIRA», contando coa colaboración do Concello. Os numerosos grupos de toda a provincia supuxeron en total 1200 participantes. Durou das 7 da tarde ás 10 da noite, tendo como actuación especial ó Grupo de Coros e Danzas da Diputación, «Eidos».

## XUÑO

Día 8: Participación no «Día da Muiñeira» celebrado en Carballo e organizado polo Centro Cultural

Alfredo Brañas.

## XULLO

Día 16: No adro de Santa María dentro das festas do barrio mariñeiro en honra da Nosa Señora do Carme, onde tivo lugar unha fermosa procesión pola rúa.

Día 19: Organización da «III Romaría Galega dos Emigrantes»...

## AGOSTO

Día 3: Na romaría de San Paio en Tiobre...

Día 15: No «I Día da Muiñeira» da localidade de Miño (saíu parte da actuación no telexornal de T.V.E. en Galicia).

## SETEMBRO

Día 8: Na festa dos Remedios...

Día 13: No Instituto Médico Pedagóxico «Sagrado Corazón»

## DECEMBRO

Día 20: Na Residencia de Anciáns...



### COMISION ARTE E CULTURA POPULAR «INZAR»

Do 14 ó 31 de agosto estivo exposta ó público a «Primeira Mostra cara á Rúa» promovida pola Comisión Arte e Cultura Popular «Inzar». Este colectivo compone dos seguintes artistas aficionados, como eles se definen: Felipe Oñate Rodríguez, José Vasco Seijo, Manuel Rosende Alvarez, José Carro Ro-

dríguez, José Germade Pérez, José Antonio Aguiar Franco, Ricardo García Gondell e Manuel Núñez Vidal. Esperan que outros artistas se unan á súa iniciativa que non é outra que a de fomentar a cultura e a participación do povo, tanto na cidade como na mariña.

### CINE-CLUB ALAMEDA

#### 1.º TRIMESTRE

- «El delator» (J. Ford)
- «Campanadas a medianoche» (O. Welles)
- «El tesoro de Sierra Madre» (J. Huston)
- «Ladrón de bicicletas» (V. de Sica)
- «En nombre del Papa Rey» (I. Magni)
- «La strada» (F. Fellini)
- Miniciclo Hitchcock:
- «Rebeca»
- «Encadenados»
- «Con la muerte en los talones»

#### 2.º TRIMESTRE

- «Cabaret» (B. Fosse)
- Alien, el octavo pasajero» (R. Scott)
- «Orfeo» (J. Cocteau)
- «El tercer hombre» (C. Reed)
- «Corredor sin retorno» (S. Fuller)
- Miniciclo Charles Chaplin:
- «La quimera del oro»
- «Tiempos modernos»
- «El gran dictador»

#### 4.º TRIMESTRE

- «Dos hombres y un destino»
- «Sueños de un seductor» (W. Allen)
- «La Rosa» (M. Rydell)
- «El hombre de paja» (P. Germi)
- «El Gabinete del Dr. Caligari» (R. Wiene)

«Solo ante el peligro» (F. Zinnemann).

#### ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS:

- febreiro: exposición de caricaturas de A. Palla na Sala do Banco de Bilbao.
- abril: «I Fotomuestra», coa participación de 9 fotógrafos aficionados da bisbarra betanceira e un número aproximado de 50 obras.
- maio: colaboración coa Asociación de Veciños de Sta. María, coa proxección de «El mundo está loco, loco, loco».
- agosto: colaboración coa Comisión de Festas de S. Roque, coa proxección de «Tiburón».
- agosto-setembro: Cine na Rúa, patrocinado polo Concello de Betanzos, cos seguintes films:
  - «M.A.S.H.»
  - «El golpe»
  - «Una noche en la ópera»
  - «Rataplán»
- agosto-setembro: Cine para nenos, patrocinado polo Concello de Betanzos:
  - «Tintín en el Templo del Sol»
  - «La isla del tesoro»
  - «Los viajes de Gulliver»
  - «Asterix Gladiador»
- decembro: colabora co Concello de Betanzos na Programación de Nadal:
  - «Un capitán de 15 años»
  - «Las fabulosas aventuras del Barón fantástico»
  - «El coche que sabía demasiado»



*Entrega de premios do «VII Campeonato Interáreas de Juegos de Mesa» por parte do director xeral de Caixa Galicia, don José Luis Méndez.*

### «CLUB DE XUBILADOS»

Algunhas das súas actividades foron:

#### FEBREIRO:

- Curso «Antroido 86» de orellas e filloas.
- Representación de guignol.
- Cursiño de debuxo en espello e cristal.
- Conferencia médica.

#### MARZO:

- Curso de yoga.
- Proxección de cine.
- Exposición de traballos manuais.

#### ABRIL:

- Ciclo de cine.
- Conferencias médicas.
- «II campeonato de Juegos de Mesa».

#### MAIO:

- Entrega de trofeos do «II campeonato de Juegos de Mesa».
- Actuación do grupo de teatro do Club de Xubilados-Caixa Galicia do Ferrol.
- Excursión a Portugal.

#### XUÑO:

- Campeonato «Inter-Areas de Juegos de

#### Mesa».

- Excursión a Portugal.

#### XULLO:

- Excursión á península do Morrazo.
- Excursión á comarca do Barbanza.

#### SEPTEMBRO:

- Excursión á comarca do Salnés.
- Conferencia médica.

#### OUTUBRO:

- Curso de yoga.
- Ciclo de cine.

#### NOVEMBRO:

- Curso de Yoga.

#### DECEMBRO:

- Curso de yoga.
- Semán cultural.
- Actuación da Coral Polifónica de Betanzos.
- Coro do Club de Xubilados Caixa Galicia de Santiago.
- Ilusiónismo.
- Comida e baile.
- Teatro.



## GRUPO UNTIA SEMINARIO DE ESTUDIOS MARIÑANS

O feito que aparece como máis destacado deste grupo no ano 1986 é a publicación do número 2 do boletín UNTIA, que foi presentado o 15 de outubro na Aula de Cultura de Caixa Galicia coa intervención de don Fernando Urgoni Casado. No dito boletín o grupo fai enumeración detallada das súas actividades.

## CHARANGA «OS LOITEIROS»

Segundo no 1986 polas rúas da cidade e fora dela cando a ocasión foi propicia: Non temos tódalas súas actuacións, mais pola prensa recollemos as seguintes:

### XANEIRO

Día 6: Organización da cabalgata de Reises co patrocinio do Concello e a colaboración do grupo de teatro «Berro», Club Ciclista de Betanzos, Pirotecnia «Rocha» de Soñiero-Sada, Auto Escola «Amado», grupo de gaitas «Os Plateiros» de San Isidro-Bergondo, grupo de baile «Brétema» de Guísamo, e o comercio e industria de Betanzos.

### FEBREIRO

Día 11: Participación no concurso de disfraces do Antroido, patrocinado polo Concello, recibindo «Os Loiteiros» o primeiro premio dotado con 40.000 ptas.

### MARZO

Día 21-23: Na festa da Primavera.  
O 23, domingo, recorren as rúas tocando e regalando flores ás mulleres.

### XUÑO-I

Día 24: Amenizou as lumeiradas da noite de San Xoan, facendo un longo recorrido por toda a cidade.



GRAFICA-86

O luns 7 xullo empezou no Colexio «Vales Villamarín» o Curso Internacional de Grabado «Gráfica 86». Durou ata o 2 de agosto e contou con instalacións completas de 5 talleres: grabado calcográfico (augaforte, punta seca, augatinta, madeira negra, barniz blando, e azúcar), litografía (en pedra e metais), serigrafía, e xilografía (madeira, fibra, linóleo,

plástico e cartón). Foi dirixido polo artista brigantino Jesús Núñez e formou parte das actividades da «Universidad Internacional Menéndez Pelayo», entidade organizadora. Patrocinaron, ademais da dita Universidade: o Concello de Betanzos, a Xunta de Galicia e a Diputación Provincial.